



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL LABORAL TEMPORAL: PROCESO SELECCIÓN PARA CREACIÓN DE BOLSA AUXILIAR BIBLIOTECA 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000532

ANTECEDENTES:

Neste concello existen certos servizos que deben considerarse prioritarios porque cobren as necesidades básicas da vida persoal e social da veciñanza. Estes servizos son entre outros o mantemento das instalacións deportivas, o centro da terceira idade, a limpeza do centro de saúde e o servizo da biblioteca municipal.

Nestes servizos, con frecuencia ocorren situacións inesperadas ou imprevisibles que provocan o peche de instalacións ou a alteración destes servizos prioritarios, pois, a pesar de ter estudada a posibilidade de reestruturación provisional dos traballadores das unidades á que pertencen os postos de traballo (de cara a evitar unha contratación interina para a substitución dos traballadores en situación de baixa por IT, vacacións, asuntos persoais,...) moitas veces resulta imposible, posto que son os únicos traballadores nas súas unidades, resolvéndose nalgúns casos coa substitución provisional da/o propia/o concelleira/o encargada do seu departamento mantendo aberta a instalación para evitar que o servizo esencial/prioritario permaneza pechado durante as horas de maior afluencia.

Porén, considérase por esta alcaldía que a creación desta BOLSA/LISTA PROVISIONAL TEMPORAL con unha vixencia permanente ata a vindeira convocatoria da mesma para a contratación do persoal para os servizos que se indican será de gran utilidade, posto que ademais de axilizar a proceso administrativo, favorecerá a efectividade para a rápida cobertura dos postos de traballo, sendo unicamente posible a contratación nos casos excepcionais e de necesidade urxente e inaprazable, que afectan ao funcionamento dos servizos públicos prioritarios, e sempre que a Ley de Presupuestos vixente o permita.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar as seguintes:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

“BASES PARA A CONFORMACIÓN URXENTE DUNHA BOLSA DE EMPREGO MUNICIPAL PARA A COBERTURA, CON CARÁCTER TEMPORAL, DO POSTO DE TRABALLO AUXILIAR DE BIBLIOTECA, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL DE INTERINIDADE.

1º.- Funcións e tarefas obxecto da convocatoria:

O obxecto da presente convocatoria é a creación dunha bolsa de emprego municipal para a cobertura, con carácter temporal, do posto/-s de traballo sinalados no encabezamento, nos que a súa cobertura se considere necesaria nos casos de vacacións, baixas laborais, permisos, licenzas,...do cadro de persoal.

Ó presente proceso selectivo seralle de aplicación o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; o Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores. a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Texto Refundido da Lei de Igualdade das mulleres de Galicia, Ley 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidade do personal ó servizo das Administracións Públicas, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e as bases da presente convocatoria.

As funcións e tarefas a desempeñar pola persoa seleccionada serán as seguintes (recollidas como propias do posto de traballo 05.01.00.02 da Relación de postos de traballo do Concello que foi aprobada polo Pleno do Concello o 25 de novembro de 2009 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de 31 de decembro de 2009):

- Realizar, baixo a directa supervisión do bibliotecario, tarefas de auxilio na automatización de fondos e mantemento do catálogo.
- Auxiliar e apoiar ao bibliotecario nas tarefas ordinarias do servizo.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Participar, no marco da súa capacitación profesional, nas actividades e programas de dinamización da lectura.
- Atender ao público.
- Calquera outra, correspondente á súa categoría, e propia do departamento ou unidade.

2º.- Requisitos dos aspirantes:

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

- 1.- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme aos artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 2.- Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de certificado médico ou informe médico. (poderá ser presentado co resto da documentación no momento de presentación de instancia ou ao remate do proceso).
- 3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa. (Requisito que deberá acreditarse coa presentación de copia do **Documento Nacional de Identidade**).
- 4.- Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- 5.- Non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Será requisito específico desta convocatoria estar en posesión do **Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente**.

- 6.- Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado **Celga 3** ou Iniciación á lingua galega como mínimo. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

Os presentes requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

3º.- Duración y tipo de contrato:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A duración do contrato será temporal, dende a data de sinatura do contrato e segundo se especifique no mesmo, sempre cunha relación laboral temporal.

4º.- Retribucións:

As retribucións estipuladas para o traballador/a que ocupe o posto de auxiliar de biblioteca e arquivo son as mesmas que ás da titular da praza, proporcionalmente á xornada de traballo.

5º.- Selección:

A selección dos candidatos realizarase de conformidade có previsto nas presentes bases polo sistema de concurso-oposición no que se valorarán os seguintes aspectos:

A] FASE DE CONCURSO

Experiencia profesional (Máximo 2,50 puntos).

1.- Por servizos prestados como auxiliar de bibliotecas e arquivos, ou similar0.20 puntos por mes traballado.

Formación relacionada co posto de traballo (Máximo 2 puntos).

1.- Pola diplomatura universitaria en biblioteconomía e documentación1 punto

2.- Outras titulacións universitarias (grao).....0.50 puntos

2.- Por cada curso, xornada, master ou postgrao relacionados co posto de traballo0.10 puntos

Non se valorarán xornadas, charlas, cursos de menos de 50 horas, nin se valorará máis dun curso co mesmo contido.

Certificacións de aptitudes dos cursos de lingua galega da Dirección Xeral de Política Lingüística. (Máximo 0.50 puntos)

Celga 4 ou a súa equivalencia: curso de perfeccionamento.....0.50 puntos

A experiencia profesional deberase acreditar a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato, certificación de servizos prestados expedida pola administración correspondente no





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

caso de servizos prestados para unha administración pública, ou IAE (alta e actualización) no caso de traballadores autónomos.

B) FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima 10 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización do seguinte exercicio:

- Proba teórica, que consistirá en responder a un cuestionario con preguntas cortas a desenvolver no tempo máximo de 60 minutos, referentes ó temario que figura como anexo III a esta convocatoria. Este exercicio valorarase cun máximo de 10 (dez) puntos.

Procedemento de selección:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta obrigatoriamente no taboleiro de edictos do Concello, tamén na páxina web e na sede electrónica do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión (no caso de non haber excluídos a lista provisional pasará a definitiva).

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco días hábiles para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicarse na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Na resolución que aprobe a lista definitiva, quedará fixado o lugar, data e hora de comezo das probas, así como a composición do tribunal de selección.

Realizase primeiro a fase de concurso O tribunal publicará nos medios sinalados a acta dos resultados da fase de concurso e posteriormente se procederá á realización da oposición e publicación da acta correspondente. A oposición ten carácter obrigatorio para quen non acreditase mediante o correspondente certificado do coñecemento do galego. E calificación de apto/non apto; a non presentación será motivo de exclusión definitiva.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A orde de actuación dos/as aspirantes iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “S”, de conformidade co establecido na Resolución do 8 de xaneiro de 2020, da Consellería de Facenda (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro) e do establecido no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o día 30 de xaneiro de 2020. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Os membros do tribunal poderán nomear colaboradores do tribunal.

Rematado o proceso de cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará acta coas puntuacións totais obtidas coa proposta de selección dos aspirantes que acadaron a maior puntuación, no Taboleiro de Edictos do Concello, tamén na web do Concello e na sede electrónica.

A puntuación definitiva estará determinada pola puntuación obtida no proceso de concurso-oposición. Non poderán propoñerse máis candidatos/as que prazas vacantes, aínda que có resto de solicitantes non seleccionados/as se elaborará unha relación de reservas, por orden de puntuación, de maior a menor, por si fose preciso cubrir posibles baixas ou renuncias, válida para o presente ano e mesmo posto de traballo.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade no momento de realizar o chamamento.

6º.- Presentación de instancias e admisión de aspirantes:

As instancias solicitando participar no proceso selectivo para cada especialidade se dirixirán ao sr. Alcalde do Concello da Laracha, e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. Poderá publicarse no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e/ou sede electrónica.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumira documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental ,será motivo de exclusión do proceso.

Xunto á instancia acompañarán a documentación que se indica nas presentes bases, así como a que os aspirantes desexen que sexa valorada para a fase de concurso. Os méritos deberán ser presentados segundo a base correspondente das presentes.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, así como a través da Sede electrónica do Concello da Laracha (sede.alaracha.es).





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un fax (981606331) ou un e-mail ao seguinte: concello.laracha@fegamp.gal, coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Xunto á instancia tamén se presentará a seguinte documentación:

* A fotocopia do DNI.

* A fotocopia do documento que acredita a titulación mínima esixida ou equivalente.

* A fotocopia do Celga 3 (no seu caso).

* O xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame que será de 11 euros. Poderá ser efectuada en calquera das seguintes contas:

ABANCA: ES20. 2080. 0079. 9231. 10000015

LA CAIXA: ES08. 2100. 4912. 2122. 00004416

BANCO PASTOR: ES10. 0238. 8126. 1606. 60000173

Segundo o artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, estarán exentas do pagamento da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente).

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumira documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. no caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

7º.- Tribunal cualificador da selección.-

1.- O tribunal cualificador designado pola alcaldía - presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e en base ao establecido por RD lexislativo polo que se regula o Estatuto Básico do Empregado Público, é que se encargará de todo o proceso, será nomeado coa publicación do listaxe de aspirantes admitidos e excluídos definitivamente.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. Será posible o nomeamento dun colaborador para realizar a fase de oposición, de ser preciso. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 de Lei 39/2015 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O alcalde, vista a proposta de selección do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación para cada especialidade.

8º.- Formalización dos contratos.-

A proposta del tribunal cualificador se elevará a Alcaldía - Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, podendo tamén publicarse na páxina web do concello e na sede electrónica.

A formalización dos contratos laborais cos aspirante seleccionado será competencia do Sr. Alcalde - Presidente; os/as aspirantes deberán incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexan requiridos para elo.

9º. Relación de aprobados e funcionamento da bolsa de emprego.

Rematada a calificación dos/as aspirantes o Tribunal publicará a relación de aprobados/as pola orde de puntuacións e elevará dita resolución ó Presidente da Corporación para que formule o nomeamento pertinente.

Publicada a relación de aprobados, o Concello xestionará a bolsa de emprego segundo as necesidades do servizo. Detectada dita necesidade cursarase comunicación ós membros da bolsa de emprego por estricte orde decrecente en base á puntuación obtida nas probas selectivas. As persoas incluídas na relación de aprobados contarán cun prazo de tres días naturais para cumprir coa obrigaón de comunicar a aceptación de prazas ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta. Este prazo de tres días hábiles poderá reducirse a 24 horas si se declara expresamente a urxencia na cobertura da praza.

A bolsa de emprego resultantes deste proceso selectivo terá unha vixencia permanente ata a vindeira convocatoria da mesma.





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

D./Dña _____ con DNI
Número _____ e domicilio a efectos de notificacións e comunicacións en
_____, C.P. _____,
localidade de _____ provincia de _____, teléf _____ e E-
mail: _____

EXPOÑO:

1º.- Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo concello de A Laracha a través do anuncio publicado no _____ para a CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL de:

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da presente convocatoria á data de expiración do prazo de presentación de instancias

3º.- Que son certos os datos obrantes nela e, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

4º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total de _____ páxinas.

Sinatura:





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANEXO II

D./dona _____, con D.N.I. n.º
_____ con domicilio a efectos de notificación
en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta1.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

A Laracha, a ____ de _____ de 2020

Asdo.: _____.





ANEXO III

Temario

1. Constitución española de 1978.
2. Estatuto de autonomía de Galicia: do Poder Galego. Do réxime xurídico. Da administración pública galega.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título preliminar; título I: dos interesados no procedemento, título II: da actividade das administracións públicas, título III: dos actos administrativos.
4. A biblioteca: concepto e función.
5. Tratamento proceso técnico dos libros, publicacións periódicas e materiais especiais: rexistro, selaxe, magnetización. Conservación e preservación dos fondos.
6. Servizos aos usuarios na biblioteca universitaria: orientación e atención ao público, servizos de referencia, procuras bibliográficas, difusión selectiva da información, formación de usuarios, consulta en sala e préstamo.
7. Internet e as bibliotecas. A biblioteca 2.0: ferramentas e aplicacións aos servizos. As redes sociais nas bibliotecas. As redes científicas.
8. A propiedade intelectual nas bibliotecas universitarias.”

Segundo.- Publicar o anuncio da convocatoria no BOP, e as bases de selección na páxina web do Concello, sede electrónica e tablón de anuncio.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.

